

# ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

## CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

### INDICACIÓNS PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA DO NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2022-2023

Como novidade e mellora para o curso 2022-23 queremos informar de que as clases iniciaranse por primeira vez no mes de setembro seguindo o calendario escolar xeral, concretamente, **o xoves 8 de setembro**.

A continuación expónse a información relativa á formalización de matrícula de todas aquelas persoas que obtiveron praza para o próximo curso 2022-2023.

Para formalizar a matrícula na EMMArteixo, é preciso entregar, **entre o martes 14 e o venres 24 de xuño**, a seguinte **documentación**:

- **Folla de matrícula** (a que corresponda), debidamente cumprimentada e asinada.
- **Orde de domiciliación bancaria (1)** indicando a conta bancaria onde se autorizan os cobros trimestrais das taxas da EMMArteixo. Este documento deberá entregarse debidamente cumprimentado e asinado pola persoa titular da conta e debe estar selado pola entidade bancaria ou, no seu defecto, vir acompañado dun certificado de titularidade da conta. **DEBE ENTREGARSE O DOCUMENTO ORIXINAL** (non serve escaneado ou fotocopiado).
- Copia do **DNI** da persoa titular da conta bancaria que asina a orde de domiciliación.
- Copia do **DNI** da alumna ou alumno admitida/o.

**Existen tres modelos de folla de matrícula.** Cada alumna ou alumno deberá presentar a que corresponda segundo as súas circunstancias:

- Alumnado de **Música e Movemento** (cursos de Iniciación 1, Iniciación 2, Básica 1 e Básica 2): presentar documento específico para “*Música e Movemento*”
- Alumnado admitido en calquera **Especialidade Instrumental**:
  - o ***Maiores de idade***: presentar documento “*Instrumento Adultos*”
  - o ***Menores de idade***: presentar documento “*Instrumento Menores*”

**A entrega da documentación**, tanto para o alumnado da sede de Meicende como para o da de Arteixo, **realizarase nas oficinas da EMMArteixo**, situadas na planta baixa do Centro Cívico de Arteixo (Paseo Fluvial s/n - Arteixo), nos seguintes horarios:

- Luns, Mércores e Venres: 09:00 a 13:15 h.
- Martes: 16:00 a 19:15 h

# ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

## CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Os modelos de matrícula e mais o da Orde de domiciliación bancaria, poden descargarse da web do concello. Se os precisades en papel, podedes pasar a recollelos de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h polo Departamento de Educación da Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación (Avda. dos Bosques, 16 Baixo, entrada por R/Ría de Noia, CP 15142 - Arteixo).

Atentamente,

Inés Ramos Álvarez

Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

**(1) IMPORTANTE:** Os cobros cargaranse con carácter anticipado na conta bancaria autorizada a principios de setembro (neste caso só o mes de setembro), e posteriormente a principios dos seguintes tres trimestres (outubro, xaneiro e abril). En caso de querer darse de baixa existen uns prazos a partir dos cales se cobrará igualmente o seguinte recibo. Os prazos para darse de baixa sen ter que aboar o importe do seguinte recibo (o mes de setembro, ou calquera dos seguintes trimestres na súa totalidade) son os seguintes:

- a) Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do mes de setembro: 15 de agosto de 2022
- b) Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do 1º trimestre: 1 de setembro de 2022
- c) Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do 2º trimestre: 1 de decembro de 2022
- d) Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do 3º trimestre: 1 de marzo de 2023